

EU4Health, atención primaria, teleasistencia

CIRCE Joint Action Transfer of Best Practices in Primary Care

O Servizo Galego de Saúde a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria xunto coa Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) forman parte do proxecto europeo CIRCE destinado á transferencia e implantación de boas prácticas na atención primaria.

O proxecto o conforman un total de **49 socios** entre os que destacan servizos de saúde, organizacións e entidades afiliadas de 14 Estados membros. A súa finalidade é transferir e implantar boas prácticas levadas a cabo na atención primaria de 4 estados membros (Bélxica, España, Portugal e Eslovenia) entre os 12 países participantes restantes.

As boas prácticas obxecto de transferencia foron seleccionadas pola Comisión Europea na convocatoria lanzada en decembro de 2020, na que buscaba recopilar accións levadas a cabo nos servizos de atención primaria. En concreto as seis boas prácticas seleccionadas foron:

1. Integrated Health Association – Valonia, Bélxica
2. TELEA: Home telemonitoring in Primary Care for chronic disease and Covid-19 – Galicia, España
3. Integrated care for complex chronic patients in Andalusia (Spain): Personalised care action plans (PAPs) – Andalucía, España
4. Essencial Project: Adding value to clinical primary care practice – Cataluña, España
5. 'Health Action for Children and Youth at Risk' & 'Health Action for Gender, Violence and Lifecycle' – Portugal
6. Health Promotion Centres (HPCs) – Eslovenia

Esta iniciativa europea ten unha duración de 3 anos nos que se levarán a cabo diversas actividades destinadas a fomentar o intercambio de coñecementos, tales como workshops, visitas e desprazamentos de persoal, cursos, programas de formación, etc. Ademais, desenvolveranse actividades piloto que replicarán as boas prácticas para monitorizar a súa posible implantación nos sistemas sanitarios dos socios interesados.

Obxectivos do proxecto CIRCE:

- Transferir e implantar as boas prácticas seleccionadas entre os estados membros participantes
- Apoiar o proceso de transferencia a centros piloto
- Mellorar a capacidade para implantar modelos e prácticas asistenciais na Atención Primaria
- Crear unha comunidade de socios que inclúa expertos en asistencia sanitaria, lexisladores, investigadores e usuarios
- Facilitar o desenvolvemento de plans de acción a nivel local, rexional e nacional para implantar de forma sostible as boas prácticas
- Avaliar a transferencia e proceso de implantación das boas prácticas.

Orzamento total: 12.218.074,07 EUR

Período: 2023 - 2026

Páxina web do proxecto: <https://circeja.nfz.gov.pl/>

FOLLETOS PROMOCIONAIS

Folleto abreviado

Folleto completo

NOVAS

Galicia
seleccionada para
participar na
acción conxunta
europea de
transferencia de
boas prácticas en
atención primaria
(CIRCE)

Galicia participa na reunión anual do proxecto CIRCE en Roma, na que tres rexións europeas de Italia e Suecia están a introducir o sistema de telemonitorización do Servizo Galego de Saúde	>
SERGAS e ACIS reciben as delegacións italianas de Alexandría e Módena no marco do proxecto europeo CIRCE para a transferencia do sistema de teleasistencia TELEA	>
Galicia asiste ao diálogo político sobre atención primaria no Comité Europeo das Rexións no marco da acción conxunta europea CIRCE	>
Sanidade participa en Heraklion (Grecia) na reunión do proxecto CIRCE destinada a avaliar os indicadores e avances na implantación da boa práctica TELEA por parte das rexións socias do proxecto	>
Galicia participa na reunión anual da Joint Action CIRCE, na que catro rexións europeas de Italia e Suecia están a introducir como piloto o sistema de telemonitorización do Servizo Galego de Saúde	>
Galicia mantén un encontro coas rexións implementadoras de TELEA no marco do proxecto europeo CIRCE	>
Sanidade organiza un encontro no marco do proxecto europeo CIRCE para compartir o seu sistema de teleasistencia con rexións de Suecia e Italia	>
Sanidade participa na reunión anual da Joint Action CIRCE en Varsovia, na que transferirán o sistema de telemonitorización galego a outras rexións europeas	>
Sanidade reúnese coa rexión sueca de Norrbotten para traballar na transferencia do sistema galego de teleasistencia no marco do proxecto CIRCE	>
Sanidade participa no evento inaugural da Joint Action CIRCE para a transferencia do seu modelo de telemedicina a outras rexións europeas	>